

En Lalín, a 23 de xullo de 2026

**ACTA NÚMERO SETE DA XUNTA ELECTORAL  
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**

Sendo as 10:00 horas do día sinalado, reuníronse telemáticamente D. Luis Alberto Villar González (Presidente), D. Carlos Lamas Fernández e D. Andrés Hermida-Cachalvite Manzano (Secretario); constituíndose como **XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**, ó efecto de elevar a definitiva a lista provisional de candidatos a membros da asemblea xeral, con base nos seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.** A Xunta Electoral emitiu a súa acta número cinco, na que se proclamou a relación provisional de candidatos a membros da Asemblea Xeral da F. G. de A., publicada o 16 de xullo de 2026, que foi enmendada pola acta número seis.

**SEGUNDO.** A Xunta Electoral non recibiu recurso algún contra a relación provisional de candidatos proclamados a membros da Asemblea Xeral da F. G. de A.

**TERCEIRO.** Os estamentos e especialidades ós que se presentaron un número de candidaturas iguais ó número de representantes a elixir, son as seguintes:

- a) Entidades deportivas organizativas/participativas de autocross, a elixir catro (4) membros, presentáronse as seguintes candidaturas:
  - Escudería Máis Motor;
  - Peña Autocross Arteixo;
  - Club Rally Coruña;
  - Rallyactividad Competición.
  
- b) Entidades deportivas organizativas/participativas de slalom, a elixir catro (4) membros, presentáronse as seguintes candidaturas:
  - Automóbil Club As Pontes;
  - Escudería Moeche;

- Lucas Rally;
  - Scratch Fene.
- c) Entidades deportivas organizativas/participativas de karting, a elixir dous (2) membros, presentáronse as seguintes candidaturas:
- Escudería IRT;
  - Melmac Rally Factory.
- d) Representantes do estamento de deportistas de autocross, a elixir un (1) membro, presentouse a seguinte candidatura:
- D. Martín Castro Calvelo.
- e) Representantes do estamento de deportistas de slalom, a elixir un (1) membro, presentouse a seguinte candidatura:
- D. Antonio Amor Bustabad.
- f) Representantes do estamento de deportistas de rally raids e 4x4, a elixir un (1) membro, presentouse a seguinte candidatura:
- D. José Luis Conde Lamela.

Ós anteriores antecedentes de feito, resultan de aplicación os seguintes,

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I

O art. 20.3 do Regulamento Electoral establece que *“poderán formularse reclamacións contra dita lista provisional de persoas candidatas no prazo de tres (3) días hábiles ante a Xunta Electoral, que disporá de TRES días hábiles para resolver.”*

### II

O art. 20.5 do Regulamento Electoral establece que *“unha vez resoltos os posibles recursos si os houbera -fronte a relación provisional de candidatos-, a xunta electoral no prazo máximo de dous días hábiles, procederá á proclamación definitiva de candidatos.”*

### III

O art. 18.1 do Regulamento Electoral, na distribución de representantes na Asemblea Xeral por cada estamento e especialidade, establece que se elixirán catro (4) representantes de entidades deportivas organizativas/participativas de autocross, catro (4) representantes de entidades deportivas organizativas/participativas de slalom, dous (2) representantes de entidades deportivas organizativas/participativas de karting, un (1) representante do estamento de deportistas de autocross, un (1) representante de deportistas de slalom, e un (1) representante do estamento de deportistas de rally raids e 4x4.

### IV

O art. 34.8 do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, establece que *“cando o número de persoas candidatas de calquera estamento coincida ou sexa inferior ó número de persoas membros a elixir, non será necesaria a realización de eleccións, polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ó procedemento electoral.”*

Polo exposto, a Xunta Electoral **decide**:

1. **ELEVAR A DEFINITIVA A LISTA PROVISIONAL DE CANDIDATOS Á ASEMBLEA XERAL DA F. G. de A., que se contén no ANEXO I á acta número V, enmendada pola acta número VI.**
2. **NON celebrar a votación nos estamentos e especialidades de entidades deportivas organizativas / participativas de autocross, entidades deportivas organizativas / participativas de slalom, entidades deportivas organizativas / participativas de karting, deportistas de autocross, deportistas de slalom, e deportistas de rally raids e 4x4.**

De conformidade con art. 35.5 do Decreto 16/2018, de 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas; **contra esta resolución non cabe recurso algún.**